

Á Mesa da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Abel Losada Alvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas necesarias para incrementar a captación polas empresas galegas dos fondos comunitarios para I+D+i, en especial no marco do programa Horizonte 2020 (10/PNC-000052, doc. núm. 719)

Emenda de adición

Débase engadir un novo parágrafo á parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

“A incrementar a función *56-Investigación, desenvolvemento e innovación*, cos correspondentes programas: *561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica*; *561B-Investigación universitaria* e *561C-Investigación sanitaria*, nun 30% anual nos orzamentos dos anos 2018, 2019 e 2020, para acadar os obxectivos recollidos no Plan Estratéxico *de Galicia 2015-2020*, que sitúa duplicar a inversión en I+D+i no ano 2020.”

Pazo do Parlamento, 17 de xaneiro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/01/2017 18:04:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2017 18:04
Nº Rexistro: 3611
Data envío: 17/01/2017 18:04:49.489



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/01/2017 18:04:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia